

TRABALLO “RAZÓN E PROGRESO NA ILUSTRACIÓN”

Deberás facer un resumo do esencial da teoría (propio e o máis completo posible) e, posteriormente, facer unha valoración persoal e orixinal (se hai varios resumos ou valoracións “iguais iguais” non serán ponderadas), sobre aqueles temas que che resulten máis interesantes. Puntuación máxima traballo: 1,5 puntos (a engadir á nota final de Kant). DATA LÍMITE ENTREGA: XOVES 30 ABRIL 2020. NON ENTREGA: -1,5 puntos (a restar á nota final de Kant)

A) RAZÓN E PROGRESO NA ILUSTRACIÓN

O mesmo que o Renacemento, a **Ilustración** foi un movemento no só filosófico ou ideolóxico, senón cultural en sentido amplo: constituíu un «estado de espírito» de gran influencia na actividade literaria, artística, histórica e relixiosa. 🌟*

Desenvolveuse ao longo do s. XVIII, coñecido tamén como **século da Ilustración ou das luces** 🌟*🌟*.

Entre os factores políticos, sociais e culturais determinantes atopámonos os seguintes:

- A Ilustración desenvolveuse ao tempo que as **grandes revolucións liberais-burguesas: a inglesa e a francesa (1789)**. Foi un factor máis no proceso de loita contra o Antigo Réxime, e deu expresión á ideoloxía crítica das clases medias e dos ideais liberais de tolerancia en todas as ordes. Iniciouse en Inglaterra, estoupou con máis forza en Francia e dende aí estendeuse ata Alemaña. A actitude ilustrada e a súa mentalidade racionalista e clarificadora tiveron pouca repercusión en España.

A razón ilustrada vén representada por un estado de espírito coas seguintes características básicas:

1. **Autonomía da Razón:** A Razón ilustrada pretende **sacar ao home da súa minoría de idade**. Por medio da razón sae o home da minoría de idade porque non ten sido capaz de pensar por el mesmo e só ten feito “o que lle teñen dito ou ordenado” (A Fe, a Tradición...). **A culpa**, como di o propio Kant, **é do propio home**. Por iso nos di, case que nos “suplica”: **SAPERE AUDE!! ATRÉVETE A SABER, A PENSAR!! POR TI MESM@!!!** A autonomía da razón quere dicir que a razón válese por si mesma, é suficiente por si mesma (“autosuficiente”).

2. **Razón con límites e analítica:** Recoñécense os límites da razón e é analítica, analiza as cousas. A propia natureza da razón xa che indica que non podes ir máis alá do racional nin do empírico. Fronte á razón racionalista chea de contidos, a razón ilustrada enténdese como a capacidade de adquirir coñecementos referidos á experiencia sensible, como capacidade de analizar o empírico, ESTABLECENDO UNA ALIANZA ENTRE O EMPÍRICO E O RACIONAL. **Rexéitanse polo tanto as falsas autoridades da tradición, relixión, códigos, etc. E recoñécese a necesidade de analizar a razón e recoñecer os seus límites.**

3. **Razón crítica:** A razón quere **aportar capacidade clarificadora, crítica, contra os prexuízos** (pois fan que se sexa ignorante), a **tradicición** (herdanza acrítica recibida do pasado), a **autoridade** (poder, coñecementos e leis que se reciben do pasado por tradición), a **superstición e idolatría** (que representan a Deus de maneira irracional). A razón crítica é **tolerante** pois foxe do dogmatismo, e reacciona en contra do modo de entender estas cuestións que se opoñen á exixencia de clarificación racional.

4. **Razón secular ou laica.** Dáse unha secularización do **poder** (teorías da orixe divina do poder – teocracia- fronte a: Teorías contractualistas do poder – democracia-), do **saber** (predominio da fe, a autoridade e a superstición – teoloxía- fronte a: Cultivo da ciencia moderna autónoma, racionalista, empirista – física-) e do **deber** (xorde unha ética autónoma, fundamentada con independencia da relixión). A capacidade secularizadora conduce á Ilustración a unha **interpretación racional da relixión: o deísmo.**

Kant é o cumio da Ilustración en Alemaña, e pertence ao contexto cultural deste movemento. **A ilustración chegou a ese país máis tardiamente** que a Francia ou ao Reino Unido, e dentro dese movemento a figura de Kant pertence a unha segunda xeración de ilustrados alemáns. Grazas a isto **Kant puido reflexionar sobre o significado do propio movemento** e vivir acontecementos como a propia **Revolución Francesa** e a posterior chegada de Napoleón ao poder nese país. No 1784 Kant

escribiu un pequeno texto que se chama: **Que é a Ilustración?** Para Kant a Ilustración é a saída do home da minoría de idade na que se encontra pola súa propia culpa. O lema da Ilustración (*Sapere aude!* Atrévete a saber!) é a **audacia, baseada na análise e na crítica racional, pero a partir da experiencia**. O único que precisamos, dinos Kant no texto, é a **razón** e a **liberdade**, así como a **VALENTÍA**, para deixar atrás a minoría de idade, e lograr a **AUTONOMÍA PERSOAL INTEGRAL**. Desde a reivindicación da razón e a liberdade, ábrese un **proxecto ético-político de mellora da humanidade**. Cabe destacar que este optimismo descansa sobre dúas bases: a) a **crenza na idea de progreso** e b) a **afirmación da posibilidade do coñecemento obxectivo: a ciencia**. Liberar ao ser humano das ataduras da tradición e facer del un ser libre, pasa por ser capaces de descubrir as leis que rexen o mundo. O coñecemento teórico e o coñecemento práctico deben ir unidos. A pregunta fundamental para Kant será: **Que é o ser humano?**

Buscar unha definición de **ser humano** implica contestar tanto á cuestión teórica: **Que podo saber?**, como á práctica: **Que debo facer?**, e á teórica práctica: **Que me está permitido esperar?** Coa resposta á primeira descubrimos os límites das nosas capacidades cognitivas e poderemos ter un criterio seguro na busca das demais respostas.

Coa segunda encontraremos unha regra para o obrar no ámbito moral e político. **COA ÚLTIMA AFONDAREMOS NAS ESPERANZAS, DESEXOS E EN TODAS AQUELAS FACETAS DO SER HUMANO QUE DETERMINAN PARA EL O SENTIDO DA VIDA E O UNIVERSO.**

Para levar a cabo este proxecto, Kant recoñece, desde o seu punto de vista de filósofo ilustrado, como único instrumento a **razón**. Esta importancia que Kant lle concede á razón amósase fundamentalmente no seu **ANTIMILITARISMO, NA DEFENSA QUE FAI DA REVOLUCIÓN FRANCESA E SEMPRE NO SEU COSMOPOLITISMO.**

Na liña das ideas mencionadas podemos concretar claros trazos ilustrados:

- 1) na filosofía kantiana do coñecemento
- 2) na ética
- 3) na súa concepción da relixión dentro dos límites da mera razón
- 4) e mesmo tamén na súa política.

1) A filosofía kantiana do **coñecemento** é ilustrada porque a razón sométese a si mesma á crítica. **É a razón quen vai ser analizada.**

2) En canto a **ética** observamos a súa clara tendencia ilustrada:

- no seu carácter de ética autónoma que rexeita calquera outra autoridade que non sexa a propia razón práctica do individuo.

- na presenza do ideal ilustrado da fraternidade no propio **imperativo categórico**. Este nos recomenda tomar a **humanidade**, tanto na propia persoa coma na dos demais, **sempre coma un fin e nunca como un medio**.

3) En canto a súa proposta **relixiosa**, é notable que Kant accede á noción de Deus dende a ética, isto é, dende a reflexión da súa razón práctica. O **teísmo moral** que propón presenta a **Deus como un postulado necesario para a realización do ideal da moralidade e a conxunción de felicidade e deber**.

4) Por último, a **política** de Kant presenta trazos claramente ilustrados:

- na distinción entre uso público e uso privado da razón: Kant diferencia o uso público da razón do seu uso privado. Por **uso público** entende aquel que se fai na discusión pública de tódolos problemas que poidan afectar ós individuos, con vistas a atopar fórmulas mellores de resolución. Neste uso a liberdade da razón será total. (p.ex: músico no “teu” grupo, escritor “ao seu aire”)

No uso privado da razón, en cambio, esta poderá -e incluso deberá- cingirse a certos límites. Por **uso privado** entende o uso que como profesional, como funcionario, por exemplo, se ve obrigado

a facer da razón. Así, di Kant, un cidadán pode criticar publicamente os impostos que rexen no seu Estado e intentará ofrecer alternativas mellores, pero non pode negarse a recadar os impostos que lle corresponda como funcionario, por moito que non estea de acordo co sistema impositivo en vigor. O discorrer das sociedades cara ao mellor implica certa dose de obediencia. (p. ex: músico de “pachanga - orquestra”, profesor que ten que dar “o que lle mandan”).

-Na súa concepción da paz como sentido último do progreso e da historia e obxectivo do ordenamento político. O individuo móvese por unha **“insociable sociabilidade”**. **A gran esperanza de Kant é que os estados superen os antagonismos para formar “unha gran federación de nacións” en “paz perpetua”**. De feito, no opúsculo “A paz perpetua” Kant traza o esbozo dun **dereito internacional**.

AS NOVAS IDEAS: PROGRESO, EDUCACIÓN OU ILUMINACIÓN, HUMANIDADE, CIVILIZACIÓN, NATUREZA.

Ao longo do século XVIII, e especialmente na segunda metade, impúxose en Europa **a confianza no poder da razón humana**, capaz de **ILUMINAR** as antigas supersticións e **iluminar unha época de progreso**. As novas ideas acompañaron ao inicio á Revolución Industrial. Foron adoptadas pola **nova burguesía**. Gran Bretaña e os novos Estados Unidos foron o modelo dunha nova sociedade. As academias científicas e as discusións nos **“salóns”** prepararon un clima de opinión que facilitou a **revolución francesa**. As **mulleres loitaron polo seu protagonismo**, aínda que sen éxito. **Olimpia de Gouges** escribiu unha ***Declaración dos Dereitos da muller e da cidadá*** nos que **criticaba a exclusión do seu xénero da nova cidadanía, ousadía que a levou á guillotina!!** 🌟*🌟* (**Liberdade, igualdade e fraternidade para “tod@s”???**)

Podemos facer a seguinte análise estruturada das distintas ideas:

I) A NATUREZA E A EDUCACIÓN OU ILUMINACIÓN NA ILUSTRACIÓN

1. **Natureza en sentido físico-científico.**- A Ilustración debe as súas ideas aos pensadores **racionalistas, empiristas** e aos estudos científicos de GALILEO e sobre todo **NEWTON**.

Os ilustrados admiran enormemente a Newton porque mediante a súa **física** conseguiu esclarecer de **forma racional** todos os enigmas da mecánica universal.

ISAAC NEWTON (1.642-1.727) unifica todos os grandes descubrimentos científicos dende GALILEO, COPÉRNICO, KEPLER, facendo que **a Física sexa unha e a mesma para todas as partes do Universo**. Lógrao mediante a **LEI DA GRAVITACIÓN UNIVERSAL**.

O mundo convértese en algo **dinámico**. (**Principio de acción-reacción**).

Como procede metodoloxicamente Newton?

É unha feliz e complexa síntese de experiencia e razoamento. Con el **únense Racionalismo e Empirismo**. (**Isto é o que fará KANT en Filosofía**).

De toda esta concepción fanse partícipes os pensadores da Ilustración. Mais, teñamos en conta que, para Newton a Dinámica e a Estática da Natureza teñen, en último termo, **explicación perfecta en Deus**, que sería a **causa última de todos os fenómenos**.

De aquí parten os ilustrados para a seguinte concepción que imos tratar:

2. **A Relixión Natural: O Deísmo.**- O deísmo vai ser a **crenza relixiosa predominante da Filosofía da Ilustración**.

É unha doutrina que **admite a existencia de Deus**, e a **creación por El do Universo**, pero que **NEGA A PROVIDENCIA E O GOBERNO DIVINOS**.

Deus existe e creou o Universo, pero logo desenténdese del, sen ter **ningunha intervención no curso dos fenómenos naturais ou humanos**. [(A quen vos soa? Era un filósofo grego e falaba do “motor inmóbil”)]

Orixe deísmo: Herbert de Cherbury [(Inglés — s. XVII)]. Fala de RELIXIÓN NATURAL: sen revelación, misterios, nin elementos sobrenaturais. Relixión baseada única e exclusivamente na razón e derivada da mesma natureza humana.

Toland e Tindal intentan eliminar do cristianismo todo o irracional, xa que a razón é soberana e o home non debe admitir nada que non sexa perfectamente intelixible.

Deus na concepción deísta é o SUPREMO FACEDOR, o Creador do Universo, pero pouco ou nada se pode saber sobre el ⇒ **AGNOSTICISMO ESENCIALISTA**. [Di Voltaire: "*É unha temeridade insensata pretender adiviñar o que é ese Ser; se ten extensión ou non; se existe ou non nalgún lugar; cómo existe ou cómo obra*".]

3. Natureza Humana e Educación.- Os filósofos ilustrados teñen un grande interese pola Educación, xa que lles preocupaba o perfeccionamento do ser humano e o progreso social. Ilustración e educación convértense en dúas realidades inseparables. A educación é vista como un dereito que ten calquera home, nunca como un privilexio. 🌟🌟🌟 [(ensino público e de calidade!!! Aproveito, he, he)]

Hai dúas actitudes ante o problema educativo:

- HELVETIUS ////- ROUSSEAU

Helvetius.- Parte dun pesimismo antropolóxico: "*O home é egoísta por natureza*". (E isto tamén me soa. Ben pouco un filósofo falou de que eramos "lobos para os homes"). Todas as accións do home están guiadas polo interese. Debaxo do heroísmo, do sacrificio está o interese. "*O rexeitamento das loanzas é o desexo de volver ser loado de novo*". 🌟

A educación debe tender a encamiñar este egoísmo en beneficio do corpo social. [(Non suprimilo, senón encarrilalo para o ben da colectividade. Do amor propio, do orgullo, da ambición, pódense sacar grandes beneficios colectivos. Ex: Alexandre Magno).

Rousseau.- Parte dun optimismo antropolóxico: "*O home é bo por Natureza e é a sociedade quen corrompe ao home*". "*Todo sae bo de mans do Creador e todo dexenera en mans do home*". O home nace sen vicio, nin defecto moral ningún. Se atopamos un home inmoral, analizamos as causas e vemos que están motivadas pola vida en sociedade, polos demais homes corrompidos pola sociedade.

Para Rousseau a educación consistirá en deixar que a natureza do home se desenvolva sen trabas.

No seu libro "Emilio" (Como debe educarse a un neno?), sitúa a Emilio lonxe da cidade, totalmente illado, no campo, en contacto coa Natureza. Lonxe de todo vínculo social que puidese alterar a súa pura natureza humana.

II) O PROGRESO, A CIVILIZACIÓN (A SOCIEDADE) NA ILUSTRACIÓN

A Ilustración estende o poder positivo da Razón á organización socio-política da vida humana.

A Humanidade pasou por épocas tenebrosas (Idade Media), pero pese a todo seguiu un proceso de perfeccionamento, que se acelerará, segundo eles, coa chegada do **Século das Luces**.

Hai, en xeral, unha concepción optimista do futuro humano, do porvir da sociedade. Dáselle gran importancia ao progreso do home como individuo ou como sociedade.

Estudemos en primeiro lugar, pois, o tema do **progreso**. Veremos a concepción clásica e as aplicacións específicas na Ilustración.

A) O PROGRESO.-

- Teorías clásicas sobre o Progreso.- Hai dúas teorías sobre se a sociedade se desenvolveu en progreso lineal dende a súa orixe:

1) A humanidade partiu de 0 para ir progresando penosamente. Estado inicial de barbarie, a partir do que o home e a sociedade foron avanzando a través dun progreso constante, aínda que con retrocesos, ata un estado feliz.

2) A Humanidade arrincou nun estado inicial de felicidade para irse pervertendo individual e socialmente. A Historia = Retroceso.

Sería ver a Historia da Humanidade como deterioro da Idade de Ouro. Esta teoría está moi estendida nas lendas dos pobos e civilizacións antigos. Os gregos expóñeno moi ben na súa lenda da Idade de Ouro inicial da Humanidade, na que os homes eran felices. TELÉCLIDES: *"Todo aquilo do que se tiña necesidade medraba por si mesmo. Só viño corría polos torrentes. Os pans disputaban entre si arredor da boca dos homes, suplicando ser comidos... Os peixes ían a cada casa para asárense eles mesmos e presentarse en seguida ás mesas"* (*Amphyction*) HESÍODO: *"Os homes vivían nunha afastada rexión, nos confíns da Terra, nunhas illas ás que chaman as Illas Benaventuradas; era a época de Cronos, deus que gobernaba aos homes; os homes vivían coma os deuses, coa alma tranquila e exentos de toda preocupación e de toda fatiga; a mesma natureza espontaneamente producía todo o necesario para o benestar e a alimentación dos humanos. Sempre vigorosos, sen enfermidades, sen guerras, sen liortas, sen odios. Pero esta Idade de Ouro extinguiuse, sucedéndoa a Idade de Prata e despois a de Ferro, a actual, na que só impera a guerra, a forza e a destrución. **A humanidade retrocede, marcha cara abaixo por un plano inclinado**" (*Os traballos e os días*).*

Os máis modernos antropólogos afirman que as Saturnais romanas (festas nas que desaparecían as distincións sociais e os escravos comían na mesma mesa que os amos) ou unhas festas anuais en Babilonia, durante 3 días, nas que un escravo facía de rei e estaban ao seu servizo o verdadeiro rei e toda a nobreza, non son máis que un reflexo da vella crenza na Idade de Ouro. (Habería tanto que falar do **Entroido!!**)

- **O progreso na Ilustración**.- Estas dúas teorías clásicas tiveron representantes na Ilustración.

A teoría do progreso a partir da barbarie inicial:

- TURGOT e CONDORCET.

Condorcet tiña gran confianza na capacidade de perfeccionamento do home. Desde que este apareceu sobre a terra non deixou de perfeccionarse. Divide a Historia da Humanidade en 10 períodos (1º ➤ nacemento vida social; 10º ➤ Revolución Francesa).

Progreso = Loita entre Razón/Ignorancia; Racional/Irracional; Liberdade/Despotismo.

Triunfo final: *"Chegará o momento no que o sol non ilumine sobre a terra máis que a homes libres, os cales non recoñecerán máis señora e mestra que a Razón, e **no que os tiranos e os escravos non existirán non sendo na Historia e nos teatros**"* 🌟🌟 (Xa nos gustaría!!)

A teoría da Idade de Ouro inicial:

- BOULANGER e ROUSSEAU.

Rousseau divide a Historia da Humanidade en 3 fases:

- Estado inicial feliz.
- Perda dese Estado.
- Progreso para recuperar a felicidade inicial.

O home era feliz no seu estado primitivo, natural. Non había egoísmos, nin loitas, nin guerras, nin odios. A Natureza provía dos bens necesarios para as necesidades [(Ex: "salvaxes" Illas Pacífico). Comeza a lenda do bo salvaxe (CHATEAUBRIAND: *"Os bosques preceden ás civilizacións, os desertos séguenas"* 🌟🌟).] Pérdese este estado pola formación de grandes núcleos sociais, a aparición da agricultura e a propiedade privada: ambición, odios, guerras. Solución: volta ao Estado Natural e rexeitamento da sociedade tal e como é. [*"Admírese a sociedade canto se queira, non por*

iso será menos certo que leva aos homes a odiarse mutuamente, a prestarse en aparencia moitos servizos e, en realidade, a facerse todo o dano imaxinable... **Ide aos bosques a perder de vista e esquecer os crimes dos vosos contemporáneos** 🌟🌟 (J.J. Rousseau: Discurso sobre a orixe e os fundamentos da desigualdade entre os homes).

B) AS UTOPIÁS NA ILUSTRACIÓN.- En todo este contexto e clima da época é moi normal que xurdiran moitas utopías.

Unha das máis interesantes é a de **JONATHAN SWIFT**: Viaxes de Gulliver, aos países de Liliput e de Broddinñag. Cando Gulliver chega á illa dos xigantes, o rei de Broddinñag fala con el, e Gulliver cóntalle a Historia de Europa, cos seus crimes, guerras, matanzas, etc. O rei dille: "As xentes da vosa raza, Gulliver, forman na súa totalidade **o máis repugnante verme ao que a Natureza teña permitido arrastrarse sobre a superficie da terra**". (Somos tan "chungos". Se miramos a nosa historia como especie...???) Swift describe logo o que sería unha sociedade feliz ➤ Sociedade Ideal no país dos HUYHNNMS, os cabalos filósofos. Habería alí unha vida feliz e virtuosa gobernada pola razón e a xustiza.

Outra utopía é a de **Morelly**, que nos fala dunha sociedade baseada na ciencia.

Todas estas concepcións son irrealizables, pero di Jean Servier, na súa Hª da Utopía: "**A utopía é para eles coma un soño que atenúa a súa dor do mundo, a súa dor de vivir sempre da mesma maneira**".

C) O PENSAMENTO POLÍTICO.- A idea básica de todas as teorías políticas da época, está baseada na afirmación de Rousseau: "**O home naceu libre e, sen embargo, está encadeado**".

Todos pensan que é necesario liberar ao home.

Os escritos dos pensadores da ilustración son un berro constante en **defensa dos dereitos humanos e dunha sociedade democrática**. (O Contrato Social de Rousseau = Manifesto democrático). Hai un claro desexo de liberdade.

Esta defensa dos dereitos humanos dará lugar á "**Declaración dos dereitos do home e do cidadán**" dos revolucionarios franceses. É unha declaración non só teórica.

D) O MATERIALISMO ILUSTRADO.-

Alguns dos filósofos ilustrados [(non todos)] **suprimirán a res cogitans** cartesiana, quedando só coa res extensa, coa substancia material ➤ Forte corrente materialista ⇨ MATERIALISMO DECIMONÓNICO.

LaMETTRIE.- Home concibido como unha máquina (esténdese o mecanicismo de Descartes á res cogitans). Toda a **actividade psíquica é un simple produto da fisioloxía do corpo humano**.

Este materialismo alcanzará as súas cimas en **HOLBACH**, e, sobre todo, en **CONDILLAC**, que fai unha formulación a escala psicolóxica no seu sensismo: Tratado das sensacións: "**O eu humano é a colección de sensacións que experimentamos ou que lembramos pola memoria**".

III) A HUMANIDADE NA ILUSTRACIÓN

Coa Ilustración, como temos visto, a idea de natureza une, máis que separa, aos homes. A **humanidade** común a todos reflíctese na **IDEA DE FRATERNIDADE** e ten por consecuencia o **REXEITAMENTO DA ESCRAVITUDE E O RECOÑECIMENTO DE DEREITOS DO HOME**. A idea de humanidade como atributo universal cobrará sentido a partir da ruptura coas falsas naturezas da tradición, a costume, a relixión. A humanidade do home será xerada por el mesmo, e de aí a necesidade da civilización. **EN KANT A IDEA DE HUMANIDADE OBRÍGANOS COMA UNHA LEI EN TANTO QUE SOMOS SERES RACIONAIS**. Pensemos na súa formulación do **imperativo categórico** que coloca a idea de humanidade como valor supremo e que a nivel político se expresa no ideal cosmopolita dun **ESTADO MUNDIAL OU FEDERACIÓN DE ESTADOS VIVINDO UNHA PAZ PERPETUA BAIXO UNHA LEI MUNDIAL**. 🌟🌟🌟 (Algún día??)

POSIBLES TEMAS PARA COMENTARIO PERSOAL

SOMOS (ES) MAIORES DE IDADE? TEMOS A SUFICIENTE VALENTÍA? E É SEMPRE POSIBLE PENSAR E FACER O QUE CRES QUE DEBES SEGUNDO O TEU PENSAMENTO RACIONAL?

CRES QUE ALGÚN DÍA HABERÁ (COMO PENSABA KANT) UN “REINO DOS FINS” (UN ESTADO MUNDIAL OU FEDERACIÓN DE ESTADOS CHEO DE SERES HUMANOS RACIONAIS E TOLERANTES QUE PENSEN POR SI MESMOS TENDO EN CONTA Á HUMANIDADE), CUNHA “PAZ PERPETUA” ENTRE NACIÓNS?

A SALVACIÓN ESTÁ EN NÓS MESM@S?, NO NOSO TRABALLO E COMPORTAMENTOS DIARIOS, OU NA FE SOBRENATURAL?

O ENSINO E A RELIXIÓN. (CARÁCTER SECULAR DA RAZÓN ILUSTRADA) DEBE DARSE RELIXIÓN (A QUE SEXA) NO ENSINO PÚBLICO?

ESTÁS DE ACORDO COS ILUSTRADOS EN QUE A EDUCACIÓN É UN DEREITO PARA TOD@S E NUNCA UN PRIVILEXIO? COMO VES A SITUACIÓN ACTUAL DESTE TEMA?

ES OPTIMISTA ANTROPOLÓXIC@ COMO ROUSSEAU OU PEMISIMISTA ANTROPOLÓXIC@ COMO HELVETIUS? POR QUE?

PROGRESAMOS COMO SOCIEDADE OU CADA VEZ IMOS DEXENERANDO MÁIS? CRES QUE CHEGARÁ O “MOMENTO” DO QUE FALA CONDORCET?: *“CHEGARÁ O MOMENTO NO QUE O SOL NON ILUMINE SOBRE A TERRA MÁIS QUE A HOMES LIBRES, OS CALES NON RECOÑECERÁN MÁIS SEÑORA E MESTRA QUE A RAZÓN, E NO QUE OS TIRANOS E OS ESCRAVOS NON EXISTIRÁN NON SENDO NA HISTORIA E NOS TEATROS”*

ISTO SÓ É UN POSIBLE LISTADO, TI PODES FACER E CONTESTAR CALQUERA/S TEMA/S QUE NON SEXA/N ESTE/S, É DICIR, O QUE TI QUEIRAS OU POIDAS APORTAR. ÁNIMO!!!

POR FAVOR, NO FINAL DO TRABALLO PONME SE TES PENSADO IR A ABAU OU NON (CANDO SEXA) E SE PENSAS FACER O EXAME DE HISTORIA DA FILOSOFÍA.

MOITAS GRAZAS.

MANUEL SEIXAS. MARZO 2020